

# A TRAXECTORIA NARRATIVA de Manuel Lugrís Freire

Xabier Campos Villar

**P**retendemos facer nestas páxinas un percorrido cronolóxico pola traxectoria narrativa de Manuel Lugrís Freire, así como unha aproximación ás características xerais de cada unha desas etapas nas que dividiremos a súa produción en prosa.

Diferenciamos claramente catro etapas ben distintas dentro da narrativa lugrisiana:

1. Os comezos (1884 ata o 1900)
2. A eclosión (1907-1909)
3. Os últimos relatos (1920-1928)
4. As edicións póstumas

## Os comezos

Os inicios de M. Lugrís Freire na narrativa, o mesmo que nos outros xéneros literarios, produciuse na Habana, cidade na que estaba emigrado dende o 1883, no xornal *El Eco de Galicia*, que dirixía Waldo Álvarez Insua.

O primeiro texto do que temos noticia é unha novela curta titulada *O penedo do crime*, publicada por entregas nas páxinas de *El Eco* entre setembro e decembro de 1884. O noso autor empregou para asinar este texto o anagrama L.U.Gris, que xa utilizara noutros textos xornalísticos anteriores. *O penedo do crime*, que contén unha historia de amor e engano con final trágico, presenta moitos dos trazos románticos, entre os que cómpre salientar a ambientación tenebrosa nos momentos climáticos da novela, así como a presenza do destino como un elemento do que non poden fuxir os protagonistas. De todos xeitos, non a podemos considerar como unha obra folletinesca xa que non dispuña dun espazo fixo no medio no que se publicaba nin tampouco saíu á rúa en entregas sucesivas, ao publicarse nos números 116, 118, 123, 126, 130 e 131 de *El Eco de Galicia*. Entre os principais méritos desta noveliña hai que mencionar a boa dosificación da intriga, que consegue manter a atención do lector, e o seu carácter pioneiro, ao ser a primeira novela monolingüe en galego xa que obras narrativas anteriores presen-



*Fotografía e sinatura de Manuel Lugrís a comezos de século, cando estaba para comezar a etapa máis prolífica da súa produción narrativa.*

taban a personaxes cun comportamento diglósico. O autor de Sada situou a trama argumental noventa anos antes de escribila e presentouna como unha “Lenda das Mariñas”.

O seguinte texto narrativo que publicou Lugrís foi o relato “Os dous avogados (conto xurídico-retranqueiro), de clara finalidade humorística e dado a coñecer nas páxinas d’ *A Gaita Gallega*, revista que o noso autor codirixiu na Habana no 1885.

Ao ano seguinte, en maio de 1886, deu a coñecer n’ *O Galiciano* o texto “Os primeiros versos”, líri-

ca evocación da súa chegada á literatura galega na xuventude, que asinou como L.U. Gris

Pouco despois publicou o seu derradeiro texto por entregas, o titulado “O Lechuceiro”, que el mesmo subtitulou “Conto cómico-bufo”. A sinatura L.U.Gris autoproclamábase autor da copia duns papeis atopados nunha vella artesá. O contido deses papeis é un ataque directo aos máximos responsábeis do Centro Galego da Habana e a *El Eco de Galicia*, nomeadamente a Waldo Álvarez Insua, nun tempo no que Lugrís era un dos promotores de “Aires da miña terra”, agrupación de emigrantes galegos que xurdira como alternativa ao Centro Galego. Na altura, a figura humana e literaria do autor de Sada fora vilipendiada dende as páxinas d’ *A Gaita Gallega*, cando esta revista que el axudara a fundar estaba tutelada por *El Eco de Galicia*. Serve o texto para entender os enfrontamentos vividos pola colonia galega residente na illa para tentar controlar as institucións xurdidas ao seu abeiro.


Como derradeiros textos desta primeira etapa temos que mencionar os contos titulados “O vimbio e mailo pino” e “Pola Patria. Episodio da Guerra da Independencia en Galicia, que deu a coñecer na *Revista Gallega*, o primeiro coa sinatura do ortónimo e o segundo asinado por Roque das Mariñas en maio de 1898, e que en xuño dese mesmo ano coñeceu unha reprodución no porteño xornal *El Eco de Galicia*.

Como vemos, esta primeira etapa narrativa de Manuel Lugrís Freire caracterízase pola publicación de textos en diversos xornais e revistas, a ausencia de libros narrativos, a variedade temática e formal, ademais da proliferación de pseudónimos.

### **A eclosión narrativa**

O momento de maior produción prosística do noso autor tivo lugar no bienio 1907-1909, moi ligado





*Fotografía de Lugrís nos anos 20, cando estaba rematando a súa produción narrativa.*

os labregos durante unha das moitas campañas de Solidaridad Gallega. Alén diso, a temática tratada é, maioritariamente, anticaciquil, de chamamento á loita, á procura da xustiza pola man e á dignificación da vida labrega. Debido á popularidade do libro mencionado, no ano seguinte (1909) deuse a coñecer a edición máis divulgada dos *Contos de Asieumedre*, formada por vinte e oito relatos e con ilustracións de Francisco Cortés.

En canto á modalización narrativa, predomina nos *Contos de Asieumedre* a omnisciencia en terceira persoa, aínda que algúns textos aparecen na primeira persoa, nomeadamente aqueles cun contido máis biográfico; os vencellados aos anos mozos do

noso autor ou á súa estadía na Habana. Outra volta, o espazo preferido e maioritario volve ser a comarca das Mariñas, ben coñecida por Lugrís Freire, aínda que un grupo importante de relatos están marcados pola indeterminación espacial. Son excepcionais aqueles textos que se sitúan en lugares como A Habana, Pontearreas, as Rías Baixas, Exipto e o Mar Caspio. Outra nota de verosmellanza é a ambientación das historias na contemporaneidade de Lugrís. Con estes vimbios tece o autor sadense uns relatos moi achegados á realidade da Galiza rural do seu tempo, aos problemas dos labregos e labregas de comezos do século XX, entre os que cómpre mencionar os abusos cometidos polos caciques que, grazas ás súas mañas para conseguir o poder político, controlan a vida dos paisanos. Trátase de relatos de denuncia das inxustizas, para as que o autor enxerga como únicas solucións a toma da xustiza pola man e a unión e solidariedade de todos para dotarse de ferramentas políticas propias que se opoñan ao sistema caciquil. Con todo, outros relatos, os

menos, teñen unicamente unha finalidade humorística ou costumista.

Un elemento importante para coñecer as relacións literarias e políticas de Lugrís cando escribiu estes textos é a dedicatoria que inclúe nalgúns relatos. Así, na ampla nómina de persoas que merecen ese agasallo do noso autor están literatos como Pondal e Nan de Allariz, políticos como Casares Quiroga e Suárez Picallo, líderes agraristas como Rodrigo Sanz e persoeiros relevantes na emigración cubana como Xan Beltrán e Ángel Barros.

Como características máis destacábeis desta segunda etapa podemos enumerar as que seguen:





*Capa da primeira edición dos Contos de Asieumedre, colección de 28 relatos que se publicou no 1909.*

- aparición das primeiras compilacións de textos en formato de libro.
- múltiples reproducións na prensa, entre as que cómpre destacar as da revista *Mondoñedo* e as d' *O Tío Marcos da Portela*, que recolleron boa parte dos textos publicados n' *A Nosa Terra*.
- unificación dos pseudónimos anteriores baixo un único e coñecido: Asieumedre.
- vencellamento temático e mediático ao proxecto político agrarista.



### Os últimos relatos

Deixamos para esta terceira etapa, situada nos anos vinte, os poucos relatos novos que o noso autor publicou durante a época de madurez creadora e vital. Os *contos de Asieumedre* coñeceron unha nova edición no 1920, edición que presentaba algúns cambios con respecto á que vira a luz no 1909: desapareceran os textos titulados “Unha cantiga de Chané”, “A illa milagreira”, “Ir por Ian” e “O mellor amante” e apareceran como novidade dous textos que non foran publicados anteriormente: “O verbo” e “Con polaina e media”. Ademais dos textos referidos, son novidade neste tempo catro relatos:

*Primeira escolma de relatos lugrisianos. Continúa oito textos e foi distribuída nunha campaña do sindicato Solidaridad Gallega.*





Escolma de contos de LUGRÍS FREIRE, publicada en 1970 e reeditada en 1973.

- “A Mareira”, publicado no número 155 d’ *A Nosa Terra*, que saíu á rúa en xaneiro de 1922 asinado por Asieumedre.
- “O primeiro cacique”, publicado no número 157 d’ *A Nosa Terra* en febreiro de 1922 coa mesma sinatura que o anterior.
- “Lenda de Brigo”, dado a coñecer no número 202 d’ *A Nosa Terra* en xullo de 1924 coa sinatura de Manuel LUGRÍS FREIRE e reproducido como colofón do volume poético *Ardencias*.
- “Solidaridade”, asinado polo ortónimo e publicado no número 251 d’ *A Nosa Terra*, en xullo de 1928.

Trátase de textos que non engaden nada novo ás características xa definidas na etapa anterior, e que xorden ligados a algunha efeméride ou a algunha petición feita por *A Nosa Terra*.

### As edicións póstumas

A presenza da rexa ditadura franquista impediu que LUGRÍS FREIRE tivese o recoñecemento que merecía despois da súa morte. Deste xeito, efemérides como o centenario do seu nacemento ou os distintos cabodanos da súa morte foron pasando inadvertidos, se exceptuamos algún breve artigo publicado aquí e alén mar no ano 1963. En canto á súa obra narrativa, coñeceu unha edición en formato de peto en Edicións Castrelos de Vigo no ano 1970, que se reimprimiu no 1973. Trátase dun breve volume que contén dezasete relatos baixo o título *A carón do lar* e con M. LUGRÍS FREIRE como autor. A escolla dese título débese a que o noso autor puxéralle este encabezamento aos relatos publicados n’ *A Nosa Terra* no 1907-1908. En canto á substitución de Asieumedre por M. LUGRÍS FREIRE, cremos que se debe a que xa pasaran máis de trinta anos da morte de LUGRÍS, tempo suficiente para que se perdesse na memoria do lector a identificación do pseudónimo Asieumedre co nome real do autor.

Despois desa edición, temos que agardar ata o ano 2000 para ver unha edición completa e comentada da narrativa lugrisiana. Estámonos a referir á que publicamos no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, dentro do seu proxecto “Narrativa Recuperada”. Trátase dun volume que presenta, por primeira vez en libro, a novela curta “O penedo do crime”, así como o conxunto do corpus narrativo do noso autor. Esta obra, titulada *A obra narrativa en galego de Manuel LUGRÍS FREIRE*, coñeceu unha reedición no ano 2006, con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas ao autor sadense.


### Conclusión

Consideramos que a narrativa de Manuel LUGRÍS FREIRE, ou de calquera das sinaturas que este autor empregou, foi inxustamente esquecida ao longo



do tempo, sendo reducida a súa obra ao teatro e ao seu traballo como membro e presidente da Real Academia Galega. Salientamos a decidida aposta que fixo pola lingua galega ao converterse nun dos primeiros narradores monolingües en galego, ademais de atreverse, dende a crítica social, a censurar, denunciar e ofrecer alternativas coas que superar o caciquismo de finais do século XIX e comezos do XX. Agardamos que a xustísima dedicación do Día das Letras Galegas neste 2006 contribúa a botar luz sobre unha figura clave para entender a evolución do galeguismo e sobre unha narrativa que non desmerece á dos seus contemporáneos.

*Edición e estudo da narrativa de Lugrís Freire, publicada no ano 2000 e reeditada no 2006.*



#### BIBLIOGRAFÍA MÍNIMA

Campos Villar, Xabier, *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 2000.

\_\_\_\_\_, *Lugrís Freire: unha biografía*, Vigo: Galaxia, 2006.

\_\_\_\_\_, "A relación de Curros con Lugrís Freire: entre a amizade e a admiración" en Xesús Alonso Montero, Henrique Monteagudo e Begoña Tajés Marcote (eds.), *Actas do I Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo"*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Base, 2004, pp. 53-63, tomo II.

\_\_\_\_\_, "A pseudonimia en Manuel Lugrís Freire" en Ramón Lorenzo Vázquez (ed.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela / Facultade de Filoloxía, 2002, pp. 61-71.

Fernández Costas, Xosé Manuel, *Manuel Lugrís Freire: A fe na causa*, A Coruña: Baía Edicións, col. Retallos da nosa historia, 2006.

Hermida, Modesto, *Narrativa galega: Tempo de Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1995.

López, Teresa, "Encontrado o manuscrito dunha das obras fundacionais do teatro galego", *A Nosa Terra*, n° 838, 9 xullo 1998, p. 33.

Lugrís Rodríguez, Manuel, "Meu avô Lugrís Freire", en *Agália*, n° 23, outono 1990, pp. 319-323.

Marinhas del Valle, Jenaro, "Lugrís, oratoria e teatro", en *Agália*, n° 23, outono 1990, pp. 313-317.

Pillado Mayor, Francisco, *O Teatro de Manuel Lugrís Freire*, Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 1991.

Rabunhal Corgo, Henrique, *Textos e contextos do teatro galego. 1671-1936*, Santiago de Compostela: Laivento, col. Ensaio, 1994.

\_\_\_\_\_, "Lugrís Freire na cultura galega", en *Agália*, n° 22, verán 1990, pp. 196-202.

\_\_\_\_\_, "O teatro de Manuel Lugrís Freire", en *Agália*, n° 30, verán 1992, pp. 310-311.

\_\_\_\_\_, *Manuel Lugrís Freire*, Vigo: A Nosa Terra, 2006.

Rivera Cascudo, Manuela, "Lugrís Freire: 'Umha pátria, um idioma'", en *Agália*, n. 27, outono 1991, pp. 373-377.

S (uárez) P (icallo), R (amón), "Don Manuel Lugrís Freire", *Lugo*, n° 263, marzo 1963.

VV.AA., *A Gaita Gallega. Edición facsimilar*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1999.

VV.AA., *Galicia Moderna. Edición facsimilar*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2002.



**MARCOS VALCÁRCEL**

Ourense, 1958

Historiador e escritor. Autor cunha ampla bibliografía, os seus últimos traballos foron a edición e introducción da “Poesía galega completa de Antón Tovar” (Pen Clube Galicia, 2005) e o estudo introductorio do libro “Últimas páginas sobre Galicia. Artículos olvidados en “Vida Gallega” (1919-1962)”, de Vicente Risco (Ed. Alvarellos, 2006). É membro correspondente da Real Academia Galega desde 2004.